

Comentario de texto: “Thyssen e o desenvolvemento industrial alemán”

August Thyssen naceu en 1842, en Eschwiller, preto de Aquisgrán. O seu pai tiña nese lugar unha pequena trefilería, industria bastante escasa en Alemaña durante esa época(...). Fundou en 1871 en Mulheim, no Rhur, unha fábrica que, baixo a razón social Thyssen e Cía, transformouse na base de todas as súas empresas(...). En 1882 conseguiu unha nova forxa e unha chapistería. En 1884 Thyssen e Cía adquiriron unha fundición e unha fábrica de máquinas parecidas ás da súa empresa. A medida que ían aparecendo foi empregando todos os procedementos novos e todos os perfeccionamentos... Transcorreron corenta anos e a fábrica de Mulheim transformouse en algo xigantesco: 7000 obreiros e 800 empregados traballan nela e os seus produtos esténdense por todo o mundo(...). Con todo, facía xa tempo que comprendía que para chegar a adquirir o potencial industrial desexado, necesitaba ser propietario das minas de hulla; puxo as súas miras en varias concesións, das que puido facerse dono comprando paulatinamente os títulos (1887). Esta data sinala a orixe do seu prestixioso auxilio (...). Unha numerosa frota de chalanas e remolcadores da súa propiedade transportan as súas materias primas e os seus produtos.

(...) Paralelamente, a súa influencia é total en numerosas e varias sociedades (...). É administrador da gran sociedade de Gelsenkirchen. Fundou e dirixe o banco renano de Mulheim...

Victor Cambon: les derniers progrès de l'Allemagne (Paris, 1914)

.

1. Sinala as ideas centrais do texto.
2. Contexto histórico e espacial onde se sitúa o texto. Presta especial atención ás características da I e da II Revolución Industrial.